



CARREIRA POPULAR CONCELLO DE CORISTANCO 2017

1. PARTICIPACIÓN

Na carreira popular poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo.

2. CATEGORIAS DE PARTICIPACIÓN

As categorías serán as seguintes:

CATEGORIA	ANOS DE NACEMENTO
Biberón	2012 - 2017
Pre-benxamín	2010 - 2011
Benxamín	2008 - 2009
Alevín	2006 - 2007
Infantil	2004 - 2005
Cadete	2002 - 2003
Xuvenil	2000 - 2001
Junior	1999 - 1998
Promesa	1995 - 1996 - 1997
Senior	1994 ata veteranos
Veteranos 1	de 35 a 40 anos cumpridos ata o día da proba
Veteranos 2	de 41 a 49 anos cumpridos ata o día da proba
Veteranos 3	de 50 a 59 anos cumpridos ata o día da proba
Veteranos 4	a partir de 60 anos de idade cumpridos ata o día da proba

➤ As categorías Biberón e Pre-benxamín non son categorías competitivas

3. DISTANCIAS E HORARIOS

A saída e chegada das probas estará situada no patio do colexio Xosé Pichel. O percorrido da proba estará indicado e controlado. A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes que regularán o tráfico ao longo do percorrido.

HORA	CATEGORIA	DISTANCIA
10:00h	Alevín /Benxamin	1,24 km
10:10h	Infantil/Cadete	2,48 km
10:30h	Xuvenil	4,85 km
10:30h	ABSOLUTA: Junior/Promesa/Veterano	9,71 km
11:50h	Prebenxamín/Biberón	100 m

4. INSCRICIÓN

As inscricións da carreira popular en todas as súas categorías realizaranse a través da páxina web *Carreira Galegas*.

O prazo de inscrición rematará o 3 de mayo do 2017.

PREZO DA INSCRICIÓN

- Categorías escolares (ata cadetes): Gratuita
- Adultos (de xuvenil a veterán): 6 €

Non se aceptarán inscricións fóra de prazo nin o día da carreira, con datos incompletos ou sen todos os datos obrigatorios, os cales serán: nome, apelidos, data de nacemento, teléfono, localidade de procedencia e provincia.

5. RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS

Realizarase o venres día 5 de maio na oficina de deportes – Edificio de Servicios Múltiples (Rúa da Pataca s/n – Coristanco) en horario de 16:00 a 20:00 horas; tamén poderán recollerse o mesmo día da proba no pavillón municipal a partir das horas e ata media hora antes do inicio da primeira proba.

O dorsal outorgado pola organización deberá levarse colocado na parte anterior do corpo, en toda a súa extensión e de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal será descalificado.

6. TROFEOS

Recibirán trofeo:

- Os/as 3 primeiros/as corredores/as de cada categoría por idade e sexo
- O/a 1º/a corredor/a local da carreira de 9,71 km
- O corredor absoluto recibirá o seu peso en patacas
- Tódolos/as participantes das categorías pre-benxamín e biberón recibirán unha medalla conmemorativa

7. AVITUALLAMENTO

Todos os atletas participantes recibirán un avituallamento sólido e líquido a finalizar a proba.

8. DUCHAS

O servizo de duchas estará situado no Pavillón Municipal.

A organización roga a todos os que vaian a facer uso destas instalación que respeten e cuiden as mesma, así mesmo, non se fai responsable da perda, roubo ou deterioro de calquer obxeto persoal.

9. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Os horarios das saídas poderán ser modificados a criterio do xuíz e árbitro da proba, en función do número de participantes en cada proba.
- Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo co Regulamento da FGA
- DEREITOS DE IMAXE: O participante autoriza o uso de fotografías propias sepre que o seu uso garde relación co evento no que se suscribe. Coa realización da inscrición o participante admite que organizador, poida facer uso da imaxe de todos os participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.